

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 10146** *Real decreto 839/2015, do 21 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 369/1999, do 5 de marzo, sobre termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos ministros de culto das igrexas pertencentes á Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.*

Mediante o Real decreto 369/1999, do 5 de marzo, sobre termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos ministros de culto das igrexas pertencentes á Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, procedeuse á incorporación definitiva no réxime xeral da Seguridade Social dos ministros de culto de todas as igrexas agrupadas na dita federación (Ferede), en desenvolvemento da previsión efectuada ao respecto no artigo 5 do Acordo de cooperación do Estado coa Ferede, suscrito o 28 de abril de 1992 e aprobado pola Lei 24/1992, do 10 de novembro. Por tanto, é a partir dese momento cando xorde a obrigaón legal de cursar a alta no réxime xeral da Seguridade Social de todos aqueles ministros de culto que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2 dese real decreto, con independencia da súa idade.

Na citada norma non se incluía ningunha cláusula destinada a posibilitar que aqueles ministros de culto que se encontrasen en idades próximas á idade de xubilación e acreditasen que exerceron esa actividade nun momento anterior ao 1 de maio de 1999, data de entrada en vigor do real decreto, puidesen ingresar as cotas correspondentes e reunir así o período de carencia necesario para acceder á pensión de xubilación, así como ás pensións de incapacidade permanente ou morte e supervivencia, cláusula si prevista para o clero diocesano da Igrexa católica na Orde do 19 de decembro de 1977 pola que se regulan determinados aspectos relativos á inclusión do clero diocesano da Igrexa católica no réxime xeral da Seguridade Social.

Ante esa falta de previsión, un pastor evanxélico interpuxo demanda contra o Reino de España en reclamación de pensión de xubilación, que culminou na sentenza emitida polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos o 3 de abril de 2012 na cal se recoñece que na falta dunha regulación que permita o recoñecemento de períodos como cotizados anteriores á inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos ministros de culto das igrexas pertencentes á Ferede, existiu unha vulneración do artigo 14 do Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais que prohibe a discriminación por motivos relixiosos. Por isto, e co fin de evitar tratamentos desiguais, considérase conveniente levar a cabo unha modificación do Real decreto 369/1999, do 5 de marzo, para incluír unha nova disposición adicional equiparable, no que ao recoñecemento inicial das prestacións de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia se refire, á que se ditou no seu día para o clero diocesano da Igrexa católica na Orde do 19 de decembro de 1977.

O ámbito de aplicación desta nova disposición adicional esténdese tamén aos ministros de culto da Unión de Igrexas Cristiás Adventistas do Sétimo Día en España, ben que en referencia ao 1 de maio de 1987, por ser esta a data en que tivo efectos a súa integración no réxime xeral da Seguridade Social, realizada mediante a Orde do 2 de marzo de 1987.

No proceso de tramitación deste real decreto emitiu informe a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España e tívose en conta o informe do Pleno da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa emitido na súa reunión do 28 de maio de 2015.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación outorgada pola disposición derradeira primeira da Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Emprego e Seguridade Social e do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 369/1999, do 5 de marzo, sobre termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos ministros de culto das igrexas pertencentes á Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.*

O Real decreto 369/1999, do 5 de marzo, sobre termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos ministros de culto das igrexas pertencentes á Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, queda modificado como segue:

Un. O parágrafo segundo do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«A acreditación da dita condición efectuarase mediante certificación expedida pola igrexa ou federación de igrexas respectiva, debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas. Á dita certificación deberase xuntar a conformidade da comisión permanente da Ferede e a correspondente certificación emitida polo Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza que acredite a inscrición da entidade relixiosa a que pertenza o ministro de culto, e a anotación do dito ministro de culto, se é que así consta.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional segunda, e, polo tanto, a disposición adicional única pasa a ser a disposición adicional primeira, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Recoñecemento inicial das prestacións de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia.*

1. Para os exclusivos efectos do recoñecemento inicial do dereito ás prestacións de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia, os ministros de culto que o 1 de maio de 1999 estivesen comprendidos no ámbito persoal de aplicación establecido no artigo 2 e cumprisen na dita data a obrigaón legal de estar en alta no réxime xeral da Seguridade Social como consecuencia do disposto nesta norma poderán ingresar a fracción de cota do réxime xeral asignada ás ditas continxencias correspondente a períodos de exercicio en territorio español da súa actividade pastoral como ministros de culto anteriores á entrada en vigor deste real decreto, conforme as seguintes condicións:

1.^a Para efectos da pensión de xubilación, se tiñan a idade de 50 anos o 1 de maio de 1999, poderán facer o ingreso polos períodos comprendidos entre o 1 de maio de 1999 e o día en que o ministro de culto fixese a dita idade, polo período necesario para completar o mínimo de cotización exixido para acceder á dita pensión.

2.^a No suposto de que se produza o feito causante das prestacións de incapacidade permanente ou morte e supervivencia, o ingreso efectuarase polo importe correspondente ao período necesario para completar o mínimo de cotización exixido para as ditas continxencias, con independencia da idade do interesado.

3.^a As cantidades que hai que ingresar calcularaas a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, logo da solicitude do interesado, de acordo coa contía da base mínima de cotización do réxime xeral da Seguridade Social para traballadores maiores de 18 anos e as conseguíntes fraccións do tipo de cotización que estaban vixentes en cada un dos momentos comprendidos no período de que, en cada caso, se trate. Estes ingresos faraos efectivos a igrexa ou a federación de igrexas en que

prestou os seus servizos o ministro de culto na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4.^a A acreditación do exercicio da actividade pastoral como ministro de culto en momento anterior á entrada en vigor deste real decreto efectuarase conforme o disposto no artigo 2.

2. Estas mesmas regras resultarán de aplicación aos ministros de culto pertencentes á Unión de Igrexas Cristiás Adventistas do Sétimo Día en España que tivesen feitos os 50 anos na data do 1 de maio de 1987.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN